

## INFORMACIÓN SOBRE ENSINO SEMIPRESENCIAL

Debido á situación provocada pola pandemia da covid-19 e atendendo ao protocolo aprobado pola consellería de educación e co visto bo do servizo de inspección, a docencia no curso 2020-21 no noso instituto será semipresencial. A organización desta modalidade vén determinada pola adopción de dúas medidas concretas, para o **réxime ordinario**:

### PRIMEIRA MEDIDA: semipresencialidade en semanas rotatorias, con carácter xeral

Organizamos cada **grupo en dous subgrupos**, que asistirían ás clases presenciais en **semanas rotatorias**. O grupo que queda na casa recibirá formación online a través da aula virtual. Con carácter xeral, priorizaranse as competencias de carácter práctico na semana presencial e as de carácter teórico, na semana virtual.

### SEGUNDA MEDIDA: asistencia de pequenos grupos nas sesións de tarde (en ordinario)

Nas sesións da tarde dos módulos onde son máis necesarios espazos de tamaño reducido (cabins de son, estudos de tv e gravación, etc), a asistencia rotatoria ás clases será en grupos máis pequenos, polo que a rotación terá un período máis longo (tan solo asistirán entre 2 e 6 alumnos/semana ás clases de tarde dese módulo).

**No réxime modular** levarase a cabo a semipresencialidade en semanas rotatorias, coa asistencia da metade do grupo, agás en determinados módulos onde a docencia organizarase para grupos máis reducidos.

Un saúdo e grazas pola vosa implicación na obtención dunha solución eficiente e segura para a comunidade educativa do noso centro.

O EQUIPO DIRECTIVO